

posto no artigo 49 da lei 7/1985, de 2 de abril, procédese á publicación do texto intero de dito Regulamento:

**REGULAMENTO SOBRE A ORGANIZACIÓN
E O FUNCIONAMENTO DO REXISTRO
MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO
NO CONCELLO DE AGOLADA**

Artigo 1º.—OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO

Constitúese no Concello de Agolada o Rexistro Municipal de Unións de Feito que terá carácter administrativo e se rexerá polo que se dispón no presente regulamento, incluídos os seus anexos e demais disposicións que poidan ditar para o seu desenvolvemento.

Artigo 2º.—ÁMBITO

No rexistro municipal de unións de feito poderán inscribirse todas aquelas parellas, que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de convivencia non matrimonial, pero con análoga relación de afectividade, con independencia da súa orientación sexual, manifesten a súa vontade de inscribirlas no rexistro e os membros da cal teñan a súa residencia habitual e figuren empadroados no Concello de Agolada, se ben, no momento da inscrición e suficiente con que un deles figure empadroado no Concello de Agolada e, unha vez inscritos no Rexistro de Unións de Feito, quedarán obrigados a inscribirse, ambos os dous membros, no Padrón Municipal de Habitantes.

Artigo 3º.—REQUISITOS DAS INCRICIÓNS

3.1 Serán requisitos para levar a cabo a incrición:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado por resolución judicial.
- b) Non estar ligado por vínculo matrimonial subsistente.
- c) Non estar inscrito como membro doutra unión matrimonial non cancelada.
- d) Ter a súa residencia habitual e figurar empadroado no Concello de Agolada ou, en todo caso, reunir este requisito un deles, inicialmente, tal e como se expresa no artigo 2º.
- e) Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en uña recta.
- f) Non ter parentesco colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao.
- g) Non figurar inscrito en ningún outro Rexistro Municipal de Parellas de Feito.

3.2. A incrición realizatase previa sinatura da correspondente solicitude, segundo o modelo do anexo I deste regulamento, por ambos os dous membros da unión mediante comparecencia persoal e

* * *

AGOLADA

E D I C T O

Logo de transcorrer-lo prazo de información pública do Regulamento sobre o funcionamento do Rexistro Municipal de Parellas de Feito do Concello de Agolada e o non presentarse reclamacións ou suxerencias dentro de dito prazo, enténdendese elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2006. De conformidade co dis-

conxunta diante do flincionario encargado do rexistro, e na que se efectuará a correspondente declaración responsable dos seguintes extremos:

- a) Existencia da unión de convivencia non matrimonial con indicación do domicilio de empadramento desta.
- b) Inexistencia de vinculo matrimonial.
- c) Inexistencia de inscrición no que conste como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.
- d) Inexistencia de declaración de incapacitación por resolución xudicial.
- e) Inexistencia de relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en tina recta.
- f) Inexistencia de relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción de ata o terceiro grao.
- g) Non figurar inscrito en ningún outro Rexistro Municipal de Parellas de Feito.

3.3. A solicitude de inscrición achegarase a documentación acreditativa de ter cumprido os seguintes requisitos:

- a) Maioría de idade ou acreditación de emancipación, segundo o establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil.
- b) No seu caso, declaración xudicial de divorcio ou nulidade.
- c) No seu caso, documentación xustificativa de viudez.
- d) Xustificante de empadramento dos membros da unión non matrimonial (incorporarse de oficio).

3.4. Únicamente se poderá efectuar a instancia dun só dos membros da unión a inscrición da existencia desta por vontade unilateral, previa audencia do outro membro e segundo o disposto no artigo 6.2.b. do presente regulamento.

Artigo 4º.—DECLARACIÓN E ACTOS INCRIBIBLES

Serán obxecto de inscrición:

- a) A declaración de constitución das unións de feito (realizada segundo o modelo de anexo 1) e a extinción delas cando concorran algunhas das causas do artigo 6.
- b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais así como outros feitos e circunstancias relevantes que afecten a unión extramatrimonial.

Artigo 5º.—EFECTOS

As parellas de feito que se constitúan non terán efectos legais, soamente administrativos e a estes efectos terán a equiparación con calquera matrimonio (solicitudes de vivenda, prestacións por filio a cargo, bolsas de estudio, pensións non contributivas, RISGA, etc.).

Artigo 6º.—DA CONSTITUCIÓN E EXTINCIÓN

6.1. Para os efectos establecidos no presente regulamento, a data de constitución será a da súa manifestación e incrición. 6.2. Serán causas xustificadas da extinción das unións e cancelación da incrición as seguintes:

- a) Mutuo acordo.
- b) Vontade unilateral dun dos membros da parella con notificación fehaciente ó outro.
- c) A morte ou declaración de falecemento dalgún dos seus membros.
- d) Separación de feito de máis dun ano.
- e) Matrimonio dalgún dos membros.

Artigo 7º.—LIBRO REXISTRO

O rexistro materializarase nun libro rexistro municipal de unións non matrimoniais que estará formado por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura do secretario municipal, incluíndose nos asentos os seguintes extremos:

- a) Datos identificativos dos membros integrantes da unión.
- b) Domicilio da convivencia.
- c) Data de constitución da convivencia.
- d) A transcrición en extracto dos contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais das parellas de feito.
- e) Calquera modificación posterior dos datos incritos.
- f) Data e causas da extinción.
- g) Outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 8º.—PUBLICIDADE

O libro do rexistro municipal de parellas de feito non ten carácter público. Coa finalidade de garantir a intimidade persoal e familiar dos/as inscritos/as como membros de parchas de feito a publicidade do rexistro quedará limitada, exclusivamente a expedir certificacións dos rexistros que serán expedidas a instancia de calquera dos membros da unión ou dos xuíces ou tribunais de xustiza.

Artigo 9º.—ÓRGANO COMPETENTE

O alcalde-presidente será o órgano competente para resolver sobre calquera tipo de inscrición que se pretenda efectuar no rexistro así como para a regulación do acceso, rectificación e cancelación dos datos cando proceda.

As resolucións que se ditén relativas ás incrición, modificación ou extinción, así como as de incrición de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo dun mes, unha vez transcorrido o cal sen que se ditase entenderase desestimado por silencio administrativo.

Artigo 10º

No eido competencial deste Concello, todas as unións no matrimoniais de convivencia inscritas no Rexistro Municipal de Unións de Feito, terán a mesma consideración administrativa que as unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.

Así mesmo, e para os efectos administrativos, e dentro do eido competencial deste concello, recoñecerase a antigüedade das unións de feito inscritas noutros rexistros municipais circunstancia que deberán acreditar.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Unha vez aprobado definitivamente polo pleno do Concello de Agolada o presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En Agolada, a 2 de novembro de 2006.—O Alcalde, ilexible. **2006010670**

* * *